



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 9 de outubro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:33 horas do día 9 de outubro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/10/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propostas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/4233

Vista a petición da ANPA Dr. Fleming del CEIP Anexo A Lomba, así como o informe do Enxeñeiro informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a cesión á ANPA Dr. Fleming do CEIP Anexo A Lomba de trece monitores de ordenadores municipais que foron retirados das dependencias municipais.

PRP2017/4531

Vista a proposta do Enxeñeiro en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Documentación e Imagen del Noroeste, S.L.** o subministro dunha impresora multifunción Ricoh MP-301SPF, para as escolas obradoiro, por un importe total de 1.155,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4532

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Intermaco, S.L.** polo subministro dun radiador para o colexio de Rubiáns, por un importe total de 334,88€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-213.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4533

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local aprobar o gasto por importe total de 2.069,11€, da empresa **Equipamentos Obreiro, S.L.**, para roupa de traballo para 20 operarios do plan de emprego do RISGA para distintos servizos do Concello. Coa seguinte desagregación:

Departamento de obras 10 persoas	1.034,55€
Departamento parques e xardíns 5 persoas	517,28€
Departamento medio ambiente 5 persoas	517,28€

Con cargo á partida 920-22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4535

Dáse conta do escrito de **Gesenco** e/n Comunidade de propietarios da rúa Nogueira 19-21 solicitando a colocación de pasos de peóns elevados na rúa Nogueira de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda sinalizar velocidade reducida a 30 km/h nas rúas Castiñeiro, Nogueira e Limoeiro.

Dar conta ao responsable de sinalización (Mario Vázquez) e a Policía Local

PRP2017/4546

Vista a proposta da Policía Local para colocar sinais de entrada e saída de casco urbano, na que se incluírá para información, o disco de velocidade 30 km/h, en varios puntos do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Xefatura Provincial de Tráfico a autorización para colocación de sinais con disco de velocidade a 30 Km/h nos seguintes puntos (travesías):

N-640-A (antiga) dende o P.K. 235,100 (cruce de Sta. Plácida)

N-640 (nova) dende a segunda glorieta despois da saída, no P.K. 234,800 (distribución hospital, Rubiáns-aldea e Rubiáns-estrada antiga)

PO-192 (estrada Vella de Bamio) P.K. 0,300 (fábrica de palés).

PO-548 (Pontecesures-Vilagarcía) dende o P.K. 16,200 (nova glorieta de circunvalación, comprendendo en todo ou parte as rúas Valentín Viqueira e Rosalía de Castro).

PO-301 (Pontearnelas-Vilagarcía) dende o P.K. 4,5 (lavadoiro de Coruxo).

PO-305 (Saiar -Vilagarcía) dende o P.K. 4,600 (cruce de Castrogudín)

PO-549 (Vilagarcía-Cambados) dende o P.K. 2,850 (ata a rotonda do Rial).

PRP2017/4547

Visto o escrito de **D. Abraham García Carpache**, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas na Praza de Galicia durante os meses de outubro, novembro, decembro de 2017 e xaneiro de 2018. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado co carácter de precario.

A presente autorización concedese condicionada ó seguinte:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.



- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4548

Dáse conta do escrito presentado por **D. Marcos Ramos Cascallar** solicitando a autorización para a realización da actividade de carácter benéfico “VIII Foliada” na Rúa A Baldosa o día 22 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Así mesmo acórdase prestar a colaboración municipal con 2 palcos, tableiros, cadeiras e equipo de son.

Dar conta do presente acordo á Policía Local, Servizo Municipal de Obras.

PRP2017/4556

Vista a proposta do Enxeñeiro de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sistemas de Control Artes Gráficas, S.L.**, para o subministro de 50.000 autosobres con cola para a impresión de recibos, tamaño DIN A4, por un importe total de 1.751.50€ (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 931.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4562

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. José E. Gómez Suárez** (Gemás, Taller de Joyería) para mantemento anual do reloxo da fachada da Casa do Concello, por un importe de 1.936,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2017/4566

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ozona Consulting, S.L.**, para o subministro de vinte e cinco licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos externos, para o período de outubro de 2017 a setembro de 2018, por un importe total de 1.058,80€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4570

Visto o acordo do Consello Reitor da **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, propoñendo á Xunta de Goberno Local o prezo público para as actividades físico recreativas para adultos: ximnasia funcional, circuit training, pilates e estiramientos e relaxación, incluídas no proxecto das actividades deportivas de inverno, curso 2017/18, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 18,00 €/curso por participante, como cota de inscrición, conforme ao Acordo Regulador do citado prezo público nº 17 en vigor.

PRP2017/4571

Dáse conta de escrito de **D. Jacob Ventoso Leiro**, solicitando autorización e colaboración municipal para a realización da IV Carreira Solidaria LADESOL, o día 22 de abril de 2018.

Vista a resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo poñerse en contacto co Servizo Municipal de Obras, Policía Local, Protección Civil e Fundación de Deportes aos efectos oportunos, e axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberán contar con autorización da Autoridade Portuaria para o desenvolvemento da actividade e o control do tráfico na zona portuaria non aberta ao público.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/4037

Vista a proposta da Directora da Biblioteca de nomeamento dun subalterno de biblioteca da Bolsa creada ao efecto, por acumulación de tarefas durante tres meses na Biblioteca Municipal, e visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda realizar dito nomeamento a través da bolsa de emprego Subalternos de Biblioteca creada a tal fin do 1 de novembro de 2017 ata o 31 de xaneiro de 2018 a tempo completo.

PRP2017/4355

Vista a proposta do Responsable do Servizo De Obras a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga do nomeamento como funcionarios interinos de dous operarios carpinteiros por acumulación de tarefas no Servizo de Obras, ata o 17 de decembro de 2017, dado que a



prórroga non excede do máximo tempo legalmente previsto no artigo 10 c) do TREBEP para este tipo de nomeamentos de persoal (seis meses).

PRP2017/4513

Vista a proposta do Negociado de Rendas de nomeamento dun Traballador/a Social da Bolsa creada ao efecto, por acumulación de tarefas durante tres meses a tempo completo, para revisión de bonificacións concedidas nas diferentes taxas e impostos municipais, e visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda realizar dito nomeamento a través da bolsa de emprego de Traballadores Sociais creada a tal fin.

PRP2017/4545

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2017, actualizadas ao terceiro trimestre (30 de setembro de 2017) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 357 empregados e un total de gasto de 5.427.372,47€, dende o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/4542

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de setembro de 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 31.594,78€ con cargo á partida 323.48007.

PRP2017/4544

Dáse conta do erro no acordo da X.G.L. de 5 de xuño de 2017 de aprobación orzamento para saídas educativas xuño 2017 da Escola Infantil Municipal.

Onde di: “servizos de autobús para os días 14 e 15 de xuño de 2017 para o traslado dos/as nenos nenas da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados e regreso: 396,00 euros (IVE incluído)”.

Deberá dicir: “servizos de 2 autobuses para os días 14 e 15 de xuño de 2017 para o traslado dos/as nenos nenas da Escola Infantil Municipal á Granxa Escola Serantellos de Cambados e regreso: 792,00 euros (IVE incluído)”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.



PRP2017/4565

Vista a proposta da Concelleira de Benestar e Igualdade a Xunta de Goberno Local acorda a ampliación do Convenio asinado no seu día de colaboración entre o Concello e Cáritas Diocesana de Santiago para a instalación de mais colectores de recollida de roupa coa finalidade da recollida e tratamento dos residuos téxtiles nas rúas que figuran no anexo II.

Emprego

PRP2017/4551

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Seguridade en relación co Obradoiro de Emprego “Forme 17 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a utilización dos 26.496,00 € do módulo B da subvención concedida, para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro de Emprego “Forme 17 Concello de Vilagarcía”, durante os 9 meses de funcionamento.
- Adxudicar á Empresa **Clece, S.A.** o servizo de limpeza da sede do Obradoiro de Emprego Forme 17 Concello de Vilagarcía, por un importe total de 2.504,70€ (IVE engadido) (278,30€/mes, IVE engadido), conforme á oferta presentada.
- Adxudicar á empresa **Peycar Pontevedra S.L.** a adquisición do vestiario do alumnado e docentes do Obradoiro de Emprego Forme 17 Concello de Vilagarcía, por un importe de 1.078,11€ (IVE engadido) para a especialidade de fontanería e 1.086,10€ (IVE engadido) para a especialidade de carpintería.

Proxecto (3) Nº 01/16/2017. Partida 2412.22199

PRP2017/4552

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Seguridade en relación co Obradoiro de Emprego “Labor@ Xove 17. Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a utilización dos 13.248,00 € do módulo B da subvención concedida, para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro de Emprego “Labor@ Xove 17. Concello de Vilagarcía”, durante os 6 meses de funcionamento.

Proxecto (3) Nº 01/27/2017. Partida 2412.22199

PRP2017/4553

Visto o informe da Técnica de Promoción do Emprego en relación á subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria concedida ao Concello de Vilagarcía por importe de 23.558,08€ para a contratación de 8 traballadores/as desempregados/as (Socorristas) durante 2 meses a tempo completo, para a realización do servizo denominado SALVAMENTO E SOCORRISMO 2017, equivalente aos custos salariais dos traballadores contratados maila cotización empresarial á Seguridade Social, a Xunta de Goberno local acorda solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a diferenza resultante entre a subvención concedida e o incremento salarial do 1% aprobado na Lei de Presupostos do Estado do 2017, xa que a cantidade concedida non tiña en contra esa subida. O importe correspondente ao incremento e de 235,84€.

PRP2017/4554

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da convocatoria das probas de avaliación presencial CODIX 2017 na aula CEMIT do Concello de Vilagarcía o día 16 de novembro de 2017.



PRP2017/4555

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 21 de setembro de 2017, pola que se presta aprobación á certificación acreditativa achegada polo Concello relativa á contratación laboral de trinta e catro traballadores a tempo completo por un período de 9 meses e se autoriza o pago a este Concello do importe de 157.165,743 €, que se corresponden co 50% da subvención que se calcula en base á comunicación do Concello sobre o número de contratacións formalizadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/4572

Vista a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación do contrato menor de patrocinio de divulgación de imaxe promoción institucional, entre o Concello de Vilagarcía e Club Deportivo Vilagarcía Tennis de Mesa, mediante inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria e/ou material deportivo do equipo durante o ano 2017, por importe de 2.000,00€, con cargo á partida 926-22641.

Debendo dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez levada a cabo a sinatura do contrato.

PRP2017/4585

Vista a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación do contrato menor de patrocinio de divulgación de imaxe promoción institucional, entre o Concello de Vilagarcía e Club de Remo Vilaxoán, mediante inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria e/ou material deportivo do equipo durante o ano 2017, por importe de 2.000,00€, con cargo á partida 926-22641.

Debendo dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez levada a cabo a sinatura do contrato.

PRP2017/4586

Vista a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación do contrato menor de patrocinio de divulgación de imaxe promoción institucional, entre o Concello de Vilagarcía e Agrupación Deportiva Cortegada, mediante inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa na indumentaria e/ou material deportivo do equipo durante o ano 2017, por importe de 2.000,00€, con cargo á partida 926-22641.

Debendo dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez levada a cabo a sinatura do contrato.

PRP2017/4587

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto do catering a servir no Parque Miguel Hernández para a ruta Quetzal o día 12 de outubro de 2017, á empresa Victor Senin, por importe de 1.320,00€, con cargo á partida 432-22612.



PRP2017/4690

Vista a proposta das Concellerías de Cultura e Turismo a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte memoria xustificativa coa finalidade de xustificar a aportación de 20.000,00€ da Axencia de Turismo de Galicia para as festas de San Roque 2017:

1º Cumpriuse a finalidade da subvención xa que foron contratadas as actuacións musicais de BEBE, de ROSENDO e das ORQUESTA TAMARINDOS e AMÉRICA; para a animación infantil, realizouse o FESTICLOWN, e imprimíronse programas e foi contratada publicidade en diversos medios de comunicación.

2º Todas as actividades citadas figuran reflectidas na relación seguinte:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECOÑ	IMPORTE	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
14/08/2017	2	14/08/2017	36.300,00€	B83222786	NO SON GIGANTES, S.L.	Actuación de Rosendo o 14 de Agosto Festival ""Festiclown Vilagarcía 2017""
24/08/2017	3962017	16/08/2017	33.000,00€	F15983067	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA B2 BELLOTA PRODUCCIONES	ACTUACIÓN MUSICAL
06/09/2017	2017 25 E2017-0	12/08/2017	21.780,00€	B06442289	ARTISTICAS, S.L.	BEBE
23/08/2017	16	20/08/2017	25.999,27€	B70350426	GALICIA ESPECTACULO DE NEGREIRA, S.L.	Orquestra Tamarindos / Orquestra América PROGRAMAS DAS FESTAS DE SAN ROQUE.
10/08/2017	F171.411	07/08/2017	3.599,75€	F36019289	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	
		TOTAL	120.679,02€			

3º Dos 120.679,02 € aos que ascenden estas actuacións, 20.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, 5.000 € por ABANCA e 6.000 € pola Deputación de Pontevedra. Os restantes 89.679,02 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2017 do Concello de Vilagarcía de Arousa..

Medio Ambiente

PRP2017/4569

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total aproximado de 422,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/4574

Vista a solicitude de Dona Begoña Gómez Martínez, en representación de **Categoría Producciones, S.L.**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala Principal do Auditorio Municipal o día 18 de novembro de 2017, durante todo o día, para a celebración do concerto a cargo da banda eslovaca tributo a "ABBA DANCING QUEEN", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

O prezo das entradas é o seguinte:

A venda de entradas será a través da canle TICKETEA e a recadación para a solicitante, tendo o seguinte prezo:

- Zona A 20 €; Zona B 18 €; Zona C 16 €

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70€
- Responsable de Sala: 12 horas, 122,40€
- Persoal de taquilla: 2 persoas x 4hr, 81,60€
- Conserxe (domingo): 12 horas, 122,40€
- TOTAL: 891,10€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/4576

Dáse conta da tramitación de licitación para adxudicar mediante procedemento negociado sen publicidade, o contrato denominado “Melloras no alumado público no parque empresarial de O Pousadoiro” rev. 1., por importe de 55.591,03€, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, cursáronse as invitacións presentándose as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta (ive excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Mellora ampliación prazo garantía	Mellora Telexestión
Montajes Electricos Salnés, S.L	43.140,00€	9.116,10€	52.526,10€	10 anos	Sí
Industrial Eléctrica da Galicia, S.L	45.700,00€	9.597,00€	55.297,00€	10 anos	Sí
José Antonio Cuevas Rivas	43.585,00€	9.152,85€	52.737,85€	Non	Non
Imelfa e Hijos, S.L	45.900,00€	9.639,00€	55.539,00€	Sí	Sí

De acordo co establecido nos pregos que rexen a licitación, iníciase a través da citada Plataforma de Licitación, ronda de negociación do contrato, mellorando as súas ofertas as seguintes empresas:

Licitador	Oferta (ive excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Mellora ampliación prazo garantía	Mellora Telexestión
Montajes Electricos Salnés, S.L	43.300,00€	9.093,00€	52.393,00€	10 anos	Sí
Industrial Eléctrica da Galicia, S.L	44.200,00	9.282,00€	53.482,00€	10 anos	Sí

Emitido informe polo Enxeñeiro Técnico Industrial, don Óscar Álvarez González, este formula a seguinte clasificación das ofertas, unha vez aplicados os criterios de adxudicación establecidos nos pregos que rexen a licitación:

Licitador	Oferta (IVE)	Puntuación	Puntos	Puntos	TOTAL
-----------	--------------	------------	--------	--------	-------



	excluído)	oferta económica	telexestión	ampliación prazo garantía	PUNTOS
Montajes Electricos Salnés, S.L	43.300,00€	5	70	25	100
Industrial Eléctrica da Galicia, S.L	44.200,00€	3,30	70	25	98,30
Imelfa e Hijos, S.L	45.900,00€	0.08	70	25	95,08
José Antonio Cuevas Rivas	45.900,00€	4,46	70	0	74,46

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato denominado na Memoria Valorada denominada “Melloras no alumado público no parque empresarial de O Pousadoiro” rev. 1; á empresa **Montajes Eléctricas Salnés, S.L. (B36417863)**, por un importe de 43.300,00€ (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE 21% de 9.093,00€ o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 52.393,00€, de conformidade coa súa oferta e as melloras recollidas nelas (telexestión e aumento do prazo de garantía ata 10 anos)

2.- Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico industrial ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González.

PRP2017/4577

Vista a proposta da Concelleira de Economía e Facenda para a contratación de traballos de asistencia técnica para a redacción e implementación dunha Ordenanza reguladora da taxa por ocupación do subsolo, solo e voo no seu réxime xeral, e vistas as ofertas presentadas polas empresas Bona Fide Lema S.L.L. e Noroeste Local S.L. a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar ditos traballos á empresa **Noroeste Local S.L.** por un importe de 1.815,00€ (IVE engadido).

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.